




Programa de
IMPULSO
Á INNOVACIÓN
nas pemes


LINCBIOTECH

“*Ser competitivo no sector da biotecnoloxía require a busca de innovación de xeito constante*”

Lincbiotech é unha empresa biotecnolóxica galega con sede no parque tecnolóxico de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense. A través da investigación científica aplicada e os últimos avances tecnolóxicos, desenvolve solucións médicas para o diagnóstico e posterior tratamento de enfermidades, principalmente no campo da neuroloxía. En tan só catro anos conseguiron situarse á vangarda do sector.



XUNTA
DE GALICIA



LINCBIOTECH

Bioteconoloxía e innovación ao servizo da saúde

NOME: LINCBIOTECH

UBICACIÓN: TECNÓPOLE
SAN CIBRAO DAS VIÑAS
(OURENSE)

INICIO DA ACTIVIDADE: 2019

SECTOR: BIOTECNOLOXÍA



Lincbiotech, dirixida na actualidade por Juan S. Ruiz Constantino e formada por doutores e licenciados en bioloxía molecular, naceu hai catro anos como spin off dos Laboratorios de Neurociencias Clínicas (LINC) do Hospital Clínico de Santiago, do Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) e do grupo IT Capital.

Esta startup do sector biotecnolóxico, é unha iniciativa empresarial de base tecnolóxica que, a partir dos últimos avances científicos e tecnolóxicos, desenvolve e comercializa solucións para a diagnose e tratamento de enfermidades neurolóxicas e patoloxías graves de gran prevalencia.

A biotecnolóxica galega ten unha traxectoria brillante e consolidada na que tivo tempo de patentar diversas solucións

creadas en colaboración con socios internacionais. Hoxe comercializa dúas aplicacións médicas no campo do tratamento de enfermidades neurolóxicas.

SOFTWARE APLICADO Á NEUROLOXÍA

O primeiro gran logro desta biotecnolóxica foi o desenvolvemento dunha ferramenta de axuda para a diagnose rápida do ictus e o seu posterior tratamento, mellorando a calidade de vida e recuperación dos pacientes afectados por esta doenza.

Para este propósito, a compañía desenvolveu un software coñecido como Minerva que, apoiándose no procesamento avanzando de neuroimaxes con intelixencia artificial, permite obter información precisa para a análise e interpretación dos danos cerebrais, visualizando as

zonas danadas do cerebro e as que poden ser recuperables mediante cirurxía.

En liña con esta aplicación, a empresa recentemente desenvolveu e comezou a comercializar kits de diagnose in vitro e inmunoensaios que serven para realizar unha diagnose precoz e precisa de enfermidades neurodexenerativas.

ABRINDO NOVOS CAMIÑOS PARA FREAR ENFERMIDADES GRAVES

Dende o ano 2022 Lincbiotech lidera un proxecto de investigación que explora fórmulas para o tratamento de enfermidades graves autoinmunes e de gran prevalencia baseadas no mecanismo interno que as células teñen para a eliminación de proteínas.

Sinala Juan S. Ruiz que neste tipo de enfermidades se produce un exceso de proteínas que son causantes de importantes doenzas que a día de hoxe non teñen cura. Deste xeito, a través do deseño de moléculas chamadas degradadores de proteínas, ábrese unha nova vía cun enorme potencial para o tratamento destas patoloxías.

O que se fai é indicarlle á célula cal é a proteína que está en exceso e dicirlle que use o seu propio mecanismo interno para eliminala, di o director da biotecnolóxica galega.

Este método innovador, coñecido como Aptadegrad, vai ser testado xunto con varios socios europeos na doenza do pé diabético, cun alto porcentaxe de graves complicacións, tras recibir o apoio e financiamento por parte do European Innovation Council (EIC) a través da convocatoria Pathfinder Open 2022.

“Se podemos diagnosticar antes e de xeito máis preciso a enfermidade, melloraremos o prognóstico dos pacientes”

INVESTIGACIÓN DE VANGARDA DENDE OURENSE

Iniciativas e logros como os de Lincbiotech son un reflexo claro da madurez alcanzada polo ecosistema galego de innovación científica e tecnolóxica, e concretamente, do sector da biotecnoloxía.

Con sede no Parque Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas (Tecnópole), e laboratorios en Santiago de Compostela, esta compañía é un exemplo da investigación de vangarda

que se fai dende Galicia e das posibilidades da súa aplicación en sectores como o da medicina.

Como a ciencia, Lincbiotech está en continuo avance, desenvolvendo novas solucións que incorporen os últimos avances das investigación que se levan a cabo nos seus laboratorios.

Mirando ao futuro inmediato, dende a biotecnolóxica apostan por facer máis sinxelas e reducir os custos destas ferramentas de diagnose das que teñen a patente, indo un paso máis aló na aplicación universal destas solucións.



Por que innovar?

Lincbiotech na súa propia concepción é unha aposta pola innovación, "é o noso ADN, a esencia do que facemos, e ábrenos a porta a colaborar con empresas de todo o mundo que fan ciencia de vangarda" di Juan S. Ruiz.

Dende esa premisa, tendo en conta a alta competitividade do sector biotecnolóxico, a empresa está en constante innovación, proceso que culmina coa chegada ao mercado de solucións de diagnose máis áxiles, sinxelas e universais con custos reducidos para facilitar o uso xeneralizado por parte da poboación.

Unha das claves que destaca o director para poder facelo é contar cun bo equipo de traballo. A outra é a existencia dun entorno propicio, "e en Galicia o hai, fortaleceuse enormemente nos últimos anos". Nese ecosistema do que forman parte destaca Juan S. Ruiz as institucións de investigación, as entidades financeiras, os socios "que permiten levar as tecnoloxías ata os pacientes", e o papel fundamental de axencias como GAIN, que impulsan e inxectan vida nese ecosistema. Axudas como INNOVAPEME e CONECTACOVID, xunto co acompañamento para acceder a programas como Horizon Europe, foron trascendentais para Lincbiotech.



Se queres ver esta historia de éxito en movemento, accede ao vídeo.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega da Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 - Santiago de Compostela



<http://gain.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**